

## A deputada Eva Solla (AGE) reúne coa plataforma de afectados “Merda fóra de Gondomar”.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Martes, 25 Xuño 2013 21:50

---



Catro membros da plataforma "Merda fóra de Gondomar" [sostiveron una xuntanza coa deputada Eva Solla \(AGE\)](#) para informar á representante da preocupación veciñal pola construción do tanque de tormentas fronte á urbanización As Garzas. Na mesma, integrantes de Esquerda Unida e EQUO, tamén achegaron ao colectivo o seu rexeitamento a esta construción nomeadamente polo que definiron como "opacidade informativa" por parte da Xunta de Galicia e o Concello de Gondomar.

Durante a reunión mantida o pasado venres, Borja Nande (EU Gondomar), Oscar Milego (EQUO Val Miñor) e Adrián Pinacho (EU Vigo), manifestaron ao colectivo a vontade política destas agrupacións para convocar a toda a cidadanía para participar nas protestas organizadas pola plataforma.